

**ADDENDA AO CONVENIO DE COOPERACIÓN EDUCATIVA ENTRE A
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E
UNIVERSIDADES DA XUNTA DE GALICIA E A ASOCIACIÓN DE BULIMIA Y
ANOREXIA DE A CORUÑA (ABAC)**

En Santiago de Compostela.

REUNIDOS

Dunha parte, Don **ROMÁN RODRÍGUEZ GONZÁLEZ**, conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, que actúa en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, de acordo co seu nomeamento polo Decreto 60/2022, do 15 de maio, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia, e do establecido no Decreto 119/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (en diante Consellería), e

Da outra, Dona **MANUELA NAYA CARRO**, con DNI 76.326.920-V, en calidade de presidenta da Asociación de Bulimia e Anorexia de A Coruña (ABAC), elixida para este cargo na asemblea do 21 de maio de 2021, con CIF G-15582695, con domicilio social na Rúa Begonias nº 33 Baixo, CP 15008 A Coruña; inscrita no Rexistro Central de Asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia co nº 2014-18498-1, tal e como consta na resolución de inscrición da Xunta Directiva do 28 de maio de 2014.



MANIFESTAN

Primeiro. Que con data 8 de setembro de 2021 asinouse o Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Asociación de Bulimia e Anorexia de A Coruña (ABAC) para beneficiar con esta colaboración ao alumnado con trastornos da conduta alimentaria (TCA) e á promoción de hábitos de vida saudables, de todas as etapas e niveis regulados pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, escolarizado nos centros docentes dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, así como ao profesorado e ás familias do dito alumnado.

Segundo. Que na cláusula terceira do citado convenio establécense os compromisos que asumen cada unha das entidades.

Terceiro. Que na cláusula décimo primeira establécese que estará en vigor ata o 31 de agosto de 2022, podendo ser prorrogado por cursos académicos sucesivos, salvo denuncia expresa dunha das partes asinantes e cunha notificación á outra de dous meses de antelación. Tamén permite que o seu contido sexa modificado, por mutuo acordo das partes, mediante a subscripción do oportuno acordo de modificación.

Cuarto. Que os membros da Comisión constituída para o seguimento do convenio, regulada na cláusula sétima, propoñen de forma unánime, a súa prórroga para os cursos 2022-2023, 2023-2024 e 2024-2025, mediante a correspondente addenda.

Por todo o anterior,

ACORDAN

Modificar o Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia e a Asociación de Bulimia e Anorexia de A Coruña (ABAC).



CLÁUSULAS

Primeira. Modifícase o contido da cláusula décimo primeira quedando da seguinte forma: *"Este convenio entrará en vigor o día da súa sinatura, e durará ata finais do curso académico 2024-2025, isto é o día 31 de agosto de 2025, podendo ser prorrogado expresamente, salvo denuncia expresa dunha das partes asinantes e cunha notificación á outra de dous meses de antelación. O seu contido poderá ser modificado, por mutuo acordo das partes, mediante a subscripción do oportuno acordo de modificación.*

De conformidade co establecido no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, a vixencia máxima do convenio non poderá superar 4 anos".

Segunda. En todo o demais, mantense o contido do resto de cláusulas do convenio asinado o 8 de setembro de 2021.

E, en proba de conformidade, asíñase a presente addenda no lugar e data indicados no encabezamento.

**POLA CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL
E UNIVERSIDADES,
O CONSELLEIRO,**

Román Rodríguez González

**POLA ASOCIACIÓN DE BULIMIA E
ANOREXIA DE A CORUÑA (ABAC),
A PRESIDENTA,**

Manuela Naya Carro

